

# **A prensa escrita: coñecer para informar**

- Lingua galega e literatura – 1º da ESO
- Obxectivo: descubrir como funciona un xornal e aprender a analizar unha noticia.

# Que é a prensa escrita

- A prensa escrita é un medio de comunicación que transmite información a través de xornais e revistas impresos ou dixitais.
- Características principais:
  - Periodicidade (diaria, semanal, mensual...)
  - Finalidade informativa
  - Ten distintas seccións (actualidade, deportes, cultura, opinión...)
  - Usa linguaxe clara e concisa

# Partes dun xornal

- **Na portada atopamos:**
  1. **Cabeceira:** nome do xornal e data
  2. **Titular principal:** noticia máis destacada
  3. **Subtítulo:** complementa o titular
  4. **Foto e pé de foto:** imaxe que chama a atención
  6. **Outros titulares secundarios**
- **Actividade:** observa un xornal real e identifica cada elemento.

# Os xéneros xornalísticos

## Informativos

- **Noticia:** Tipo de texto que informa sobre algún feito de actualidade que ten interese para a sociedade. Debe cumprir tres principios básicos: claridade, brevidade e obxectividade. Vai introducida por un titular que resume o contido e trata de captar a atención de quen le.
- **Informe:** Tipo de texto no que se reflicten datos obxectivos sobre un determinado tema

# Os xéneros xornalísticos

## De opinión:

- **Editorial:** Artigo que explica e valora un feito de actualidade de gran transcendencia. Marca a opinión do equipo directivo ou a empresa propietaria do periódico
- **Artigo:** Trata temas que non teñen por que ser de actualidade e reflicten a opinión do seu autor. Van asinados.
- **Columna:** Artigo dun determinado colaborador que ocupa un lugar fixo no xornal
- **Crítica:** É un artigo no que se analiza e opina sobre un libro, unha película, unha exposición... e valórase de maneira positiva ou negativa
- **Cartas á dirección:** Son textos enviados polos lectores as para opinar ou informar dalgún aspecto da actualidade

# Os xéneros xornalísticos

## **Mixtos:**

**Reportaxe:** Trata en profundidade un tema de interese que non ten por que ser de actualidade. O xornalista non só fai un relato dos feitos senón que tamén investiga, se documenta e fai unha valoración. Pode incluír fotos, entrevistas, etc.

**Crónica:** É similar á reportaxe pero limítase a narrar e valorar os feitos.

**Entrevista:** É un diálogo entre o xornalista e un personaxe.

# As 6W do xornalismo

- As **6W** son as preguntas básicas que debe responder toda noticia:

**Who** → Quen participou?

**What** → Que pasou?

**When** → Cando ocorreu?

**Where** → Onde?

**How** → Como pasou?

**Why** → Por que?

# Exemplo de noticia

## O alumnado do IES Monte do Río organiza unha feira solidaria para recadar fondos

*Durante o pasado venres, estudantes de 2º da ESO celebraron unha feira de produtos reciclados para axudar a unha ONG local.*

O alumnado do IES Monte do Río organizou o venres 4 de outubro unha feira solidaria no patio do centro. Durante toda a mañá, venderon manualidades e obxectos feitos con materiais reciclados. A actividade recadou máis de 600 euros, destinados á ONG Axuda en Acción. Segundo o alumnado, 'foi unha experiencia moi divertida e aprendemos a traballar en equipo'.

# Análise das 6W

- **Quen:** O alumnado do IES Monte do Río
- **Que:** Organizou unha feira solidaria para recadar fondos
- **Cando:** O venres 4 de outubro
- **Onde:** No patio do centro educativo
- **Como:** Vendendo manualidades e obxectos reciclados
- **Por que:** Para axudar á ONG Axuda en Acción

# Reflexión final

- Por que é importante a prensa escrita?
  - Axúdanos a entender o mundo.
  - Permite formarnos unha opinión crítica.
  - É unha fonte de información fiable cando se contrasta.
  - Fomenta o uso responsable da lingua.

# Pechamos

- Agora que xa sabes como se constrúe unha noticia podes escribir ti unha!
- [https://cotovia.org/proxecto/tex/tex\\_ud4\\_02.htm](https://cotovia.org/proxecto/tex/tex_ud4_02.htm)